


NOTA

Presentación do libro *Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo* coordinado polos investigadores de HISTAGRA Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho



Sobre o libro:

A publicación está coordinada polos investigadores de HISTAGRA Lourenzo Fernández Prieto e Antonio Míguez Macho e nel teñen artigos os tamén compoñentes do Grupo, Conchi Lópz, Rafael García, Aldara Cidrás, Xavier Buxeiro, Judith Carbajo e Iria Morgade. Os lectores coñecerán neste libro as dimensións sociais dos verdugos e os colaboradores. Canto se estende a marcha da violencia do golpe. Coñecerán os golpistas perseguindo as autoridades, empezando polas militares. Como foron fusiladas autoridades civís, militares, policiaís e administrativas sen que imaxinasen que ían ser executadas, porque esa posibilidade non formaba parte do seu mundo, nin da súa experiencia vital e política.

Sobre a presentación:

O Ateneo de Santiago, xunto a HISTAGRA e a Editorial galaxia, organizan a presentación de *Golpista e verdugos* o día **23 de xaneiro ás 19:30 h. na sede de AFundación (R/ do Vilar, 19).**

Interveñen:

Ramón Villares Paz, Catedrático de Historia Contemporánea da USC
Álvaro García Ortiz, Membro do Consello Fiscal e Ex-Presidente da UPF
Aldara Cidrás Fuentes, autora, Contratada Predoutoral. HISTAGRA, USC
Antonio Míguez Macho, autor, Profesor de Historia Contemporánea da USC
Lourenzo Fernández Prieto, autor, Catedrático de Historia Contemporánea da USC
Francisco Castro, Director Xeral de Galaxia